

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE AGOSTO DE 2017

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de agosto deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, don Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN

SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a apertura de convocatoria pública, aprobación do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro (autorización do gasto), que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades. Exercicio económico 2017.

Igualmente se acorda a apertura de convocatoria pública, aprobación do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións para persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado. Exercicio económico 2017

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.

